



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

EXPEDIENTE N.º: 2010/4003

OBXECTO DO CONTRATO: Elaboración dun estudo sobre áreas mariñas protexidas no ámbito xeográfico do arco Atlántico.

CENTRO DE GASTO: Facultade de Ciencias, proxecto "Marine protected Areas in the Atlantic Arc (MAIA)", nº 2009-1/143

CENTRO/DEPARTAMENTO/SERVIZO: Facultade de Ciencias/Bioloxía Animal, B.Vexetal e Ecoloxía/Recursos Marinos y Pesquerías

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Os traballos a realizar consisten na elaboración dun estudo sobre áreas mariñas protexidas no ámbito xeográfico do arco Atlántico, no marco dun proxecto europeo que se realizará en colaboración con diversas entidades europeas, e que ten por obxectivos xerais:

- Compartir as experiencias sobre o xeito de elaborar plans de xestión das actividades que se levan a cabo nas zonas mariñas protexidas existentes, cara a acadar os obxectivos de conservación da natureza que teñan xustificado a súa designación.
- Definir e implementar unha metodoloxía compartida para identificar, nas zonas costeiras e de alta mar, os espazos mariños que albergan hábitats e/ou especies que xustifiquen unha protección ou xestión específica.

Dentro das actividades do devandito proxecto, as actividades a desenvolver pola entidade adxudicataria comprenderán os seguintes puntos:

- Identificación, busca e síntese da información existente acerca de AMPs e reservas mariñas dentro do ámbito xeográfico da costa Atlántica española, así coma de outros proxectos de investigación e desenvolvemento (a escala rexional, nacional e europea) realizados nesta área xeográfica e relevantes para os obxectivos do proxecto MAIA.
- Contribución á identificación dun panel de indicadores ambientais para o seu emprego na monitorización dos efectos das AMPs sobre os ecosistemas costeiros, e avaliación da eficacia e viabilidade do conxunto de indicadores obtidos coa contribución do resto de participantes do proxecto.
- Análise, avaliación e proposta de recomendacións para a elaboración e mellora de plans de xestión de áreas mariñas protexidas, a partires da información recibida dos socios do proxecto.
- Análise da eficacia de plans de xestión implementados en áreas piloto dentro do eido xeográfico do proxecto. Para a execución deste apartado, será preciso adaptar ou desenvolver unha metodoloxía de análise específica para a avaliación preliminar da información obtida nas experiencias piloto levadas a cabo nos distintos países participantes.
- Participación no desenvolvemento de protocolos de manexo, integración e análise da información obtida por parte dos diferentes usuarios das zonas costeiras, mediante o



emprego de Sistemas de Información Xeográfica, para o apoio da toma de decisións na selección de localizacións idóneas para AMPs

- Recompilación de información xeográfica sobre AMPs en Galicia para a elaboración dunha base de datos xeográficos.
- Elaboración de documentación: informes de resultados de actividades, contidos para a comunicación e divulgación do proxecto.

Aspectos a considerar na realización do estudio

A realización do proxecto levarase a cabo en colaboración coas entidades españolas e europeas participantes no proxecto MAIA. A entidade adxudicataria deberá desenvolver o seu labor de forma coordinada coas entidades indicadas para cada actividade, debendo facilitar a comunicación e intercambio de información e traballar conxuntamente co resto dos participantes nas actividades que lle sexa indicado polo contratante.

A totalidade da documentación producida nas distintas actividades do proxecto, así como a comunicación co resto dos participantes, terá lugar integramente en inglés.

Durante a execución do proxecto, a entidade adxudicataria poderá ser requirida para asistir ás diferentes reunións e obradoiros realizados para a coordinación e presentación de resultados das diferentes actividades. Ditas reunións terán lugar tanto en Galicia como en calquera dos países participantes no proxecto: Reino Unido, Francia e Portugal. O custo dos desprazamentos e estadias correrá por conta da entidade adxudicataria.

Metodoloxía

O ofertante realizará unha proposta metodolóxica para a realización do estudo, incluíndo detalle da metodoloxía proposta para a comunicación, coordinación e transferencia de información co resto dos participantes no proxecto.

Fase de realización e importe estimado

O traballo realizarase nas seguintes fases:

FASE 1 (data de entrega: antes do 30 de outubro 2010): 62500 €

- Identificación, busca e síntese da información existente.
- Contribución á identificación dun panel de indicadores ambientais para a monitorización dos efectos das AMPs
- Análise, avaliación e proposta de recomendacións para a elaboración e mellora de plans de xestión de AMPs
- Participación no desenvolvemento de protocolos de manexo, integración e análise da información obtida por parte dos diferentes usuarios das zonas costeiras, mediante o emprego de Sistemas de Información Xeográfica
- Elaboración de documentación dos resultados da primeira anualidade



FASE 2 (data de entrega: antes do 30 de novembro 2011): 29250 €

- Análise da eficacia de plans de xestión implementados en áreas piloto dentro do eido xeográfico do proxecto.
- Elaboración de documentación dos resultados da primeira anualidade.

FASE 3 (data de entrega: antes do 30 de novembro 2012): 23400 €

- Recompilación de información xeográfica sobre AMPs en Galicia para a elaboración dunha base de datos xeográficos en SIX.
- Elaboración de documentación dos resultados da terceira anualidade

Produtos resultantes

Como resultado dos traballos, o adxudicatario entregará a seguinte documentación:

- 1.- Un mínimo dun informe de resultados por apartado e ano de execución, número que poderá ser ampliado pola entidade contratante en función dos requirimentos do proxecto. En soporte escrito e informatizado en formato de documento de Word. Textos en castelán e inglés.
- 2.- Base de datos xeográficos en soporte informático.
- 3.- Base bibliográfica en soporte informático.
- 4.- Contidos para as distintas actividades e medios divulgativos do proxecto, a medida que vaian sendo requiridos polos participantes a cargo da comunicación do proxecto.

O adxudicatario comprometese á realización de todos os tramites de autorización que sexan necesarios para o uso da información e os materiais precisos para a elaboración do estudo e a súa difusión posterior.

Calquera modificación sobre o establecido na oferta seleccionada, requirirá a autorización previa da Universidade da Coruña.

VALOR ESTIMADO (IVE excluído): 99267.24 €

IMPORTE IVE (16 %) : 15882.76 €

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 115150.00 €

A Coruña, 14 de abril de 2010

Asdo. Inmaculada Álvarez Fernández

Asdo. Juan Freire Botana

V. e pr.
O xerente

Asdo. Mª Jesús Grela Barreiro

MOSTRAS:

--